

O CANDIL

Maio 1999

Nº 21



VIVE UN CONTO
(V CONCURSO DE CONTOS)

Este O Candil é o quinto dedicado, co gallo da celebración do **Día das LETRAS GALEGAS**, ós gañadores do **CONCURSO DE CONTOS** que anualmente organiza o CEIP 'A PEDRA' de BUEU.

A comunidade educativa do CEIP de Bueu quere dar un sinxelo agradecemento a tódalas persoas que colaboraron con nós, e que sen elas non poderíamos realizar este traballo. Un recoñecemento moi especial a tódolos mestres/as do CEIP de BELUSO de Bueu, CEIP SEQUELO de Marín, CEIP A GUÍA de Moaña, CEIP A RÚA de Cangas, VIRXE MILAGROSA de Bueu, CEIP A PEDRA de Bueu, e a todo o alumnado participante neste V Concurso de Contos.

Case que tódolos debuxos que acompañan ós contos son do mesmo autor do relato; aqueles que non posuían debuxo foron ilustrados por compañeiros de 3º de E.P.

***“Mundos con aires de soños
nesgados de infantís crenzas
nos que a imaxinación e as vivencias
recreáanse en lugares estraños.”***

Coordina: Arturo Sánchez Cidrás
Colaboran: Profesorado e alumnado do Colexio Público de Bueu
Benito Fernández Alonso
X. Manuel Cerviño Meira e Xosé L. Fdez. Aldegunde
Patrocina: Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
Dep. Legal: PO-2-96
ISSN : 1137-1994

MORRER PARA VIVIR

1º PREMIO - CATEGORÍA D (1º ciclo da ESO)

Autor: DIEGO SANMARTIN PADIN

Colexio Virxe Milagrosa de Bueu

Cando empecei a notar que me ían faltando as forzas, comprendín que os meus oitenta anos non pasaban en balde. Era a miña hora. Estaba satisfeito coa miña vida e de cómo a aproveitara. Nos días antes á morte pasan as imaxes da túa vida como se dunha película de tratase. Isto é algo que sei por experiencia, si, agora volvo a estar vivo e coas forzas que a morte me sacara, recuperadas. Coas forzas para describir a morte.

A semana antes da miña defunción ingresáronme nun hospital, un lugar que sinceramente a min non me gustaba nada, pois non me inspiraba bos recordos..

Pasaban pola miña cabeza as fases da miña vida.

Recordei aquela travesura que tendo eu sete anos, os meus amigos e máis eu lle fixemos ó profesor de Matemáticas, meténdolle na súa carteira un coelliño. ¡Moito nos rimos aquel día!

Ou cando lle dixen ós meus pais que ía a dar a volta ó mundo. Metera nunha bolsa comida e marchara andando, e ben non xirara a primeira esquina xa estaba volvendo para a casa. ¡Cousas de cativos!



Con doce anos xa ía nas vacacións co meu pai a traballar no campo e a levar eu solíño os bois a pastar. Ós dezasete collín moza, e con ela casaría ós vintetrés. De aí para arriba a vida das persoas non é tan bonita e non se me recalcou tanto nos recordos.

Si puidera volver a vivir algúns dos momentos da miña vida, o que eu non sabía que tiña que dar a vida, ou sexa: morrer, para volver a vivir.

Era outono, pero o día estaba soleado. Sentíanse as follas secas refregarse contra o chan por acción do vento. Pola ventá víanse as casas da veciñanza próxima ó hospital. O reloxo marcaba as oito menos dez da tarde. Unha tenue luz chegoume ós ollos. Cerreinos para protexerme dela. Antes de pechalos sabía que nunca máis os volvería a abrir, pero non foi así.

Cando os abrín, non o podía crer. Mireime, era un cativo duns días. Atopábame nun berce de madeira.

Agora xa teño trece anos e conto a miña historia.

Trece non, noventa e tres anos.....

O BOSQUE DAS FADAS

2º PREMIO - CATEGORÍA D (1º ciclo da ESO)

Autora: EVA RODRÍGUEZ FERVENZA
CEIP A GUÍA DE MOAÑA


Unha nena chamada Antía e un neno chamado Antón, eran moi bos amigos desde que estaban na gardería. Xogaban cada día no patio da escola, despois de remata-las clases. Xogaban ó balón, ás agachadas, ... Íanse facendo maiores e a medida que pasaba o tempo, íanse facendo máis amigos. Un día, estaban aburridos de tanto xogar no mesmo sitio, e empezaron a andar ata chegar a un bosque cheo de árbores moi bonitos. Exploraron aquel lugar como se fosen espertos científicos. Parecía un bosque típico dos contos de fadas, príncipes e princesas, pero alí non había ninguén, só estaban eles dous, exhaustos por tanta beleza. Cada día ían xogar alí, pero non llo dixeran a ninguén. Chegaron a pensar que aquel bosque era froito da súa imaxinación porque non había información algunha sobre aquela precisa paraxe.

Un día, cando chegaron ó bosque, unha fada estaba alí sentada sobre unha gran pedra ovalada. Ía vestida de azul e branco, cun gran vestido de seda e gasa. Antía e Antón acháronse temerosos, porque non sabían quen era. De súpeto, a fada faloulles e preguntoulles como se chamaban, pero antes de que os rapaces falasen, a fada Leticia xa desaparecera, porque este era o seu nome. Os rapaces quedaron pasmados, pois nunca viran nada igual.

Ó chegar alí cada día, atopaban á fada Leticia no mesmo sitio, pero con outras vestimentas. Cada día preguntábanlle algo novo, pero desaparecía, como o día anterior. Un deses días, a fada díxolles que naquel bosque non estaba soa, había moitas máis fadas, pero non podían saír do seu "fogar". Os rapaces intentaron que saíran tódalas fadas, pero era imposible. Tanto insistiron ámbolos dous, que tódalas fadas fixeron por saír.

Un bo día, cando Antía e Antón chegaron ó bosque atopáronse cora meirande sorpresa das súas vidas; todo estaba engalanado como para unha gran festa, había moita máis luz cós demais días, pero tamén estaba todo moito máis silencioso e solitario. De súpeto, escoitouse un leve son de música, de música profunda que chega ata o máis fondo do corazón, e unha a unha foron pasando por diante daqueles nenos as fadas do bosque, íanlle tocando a cada un e dábanlle un poder:

- Da sabedoría.
- Da bondade.
- Da solidariedade.
- Da amabilidade.
- Da axuda...



Finalmente saíu a raíña de tódalas fadas: Leticia e cos ollos cheos de bágoas dixo:

“Esta é a nosa despedida, a nosa misión acabou, agora sodes vós os que tedes que facer uso dos poderes que tendes a así cambiaredes o triste mundo da fama, das guerras, da desigualdade...”

Antía en Antón non dixeron nada, o susto foi tan grande que saíron correndo sen dicir nada, era todo demasiado fermoso para ser verdade.....

* * *

A NOVA VIDA DE TAREIXA

3º PREMIO - CATEGORÍA D (1º ciclo da ESO)


Autora **ROSALBA PIÑEIRO ZANGRANO**

Colexio Virxe Milagrosa de Bueu

Tareixa, era unha rapaza que nacera nunha pequena aldea, situada, no norte de Galicia. Alí, seus pais, tiñan instalada unha fermosa granxa, chea de animais e con tódolos coidados necesarios.

Tareixa era feliz, non tiña aínda moitos amigos mais gozaba axudando ós seus pais a mantela- granxa e colléralle moito agarimo a tódalas especies, en especial a Tobi, que era un canciño moi bo e xoguetón.

A Tareixa, gustáballe moito a tranquilidade, tiña un corazón de ouro e o seu maior desexo, era vivir para sempre nese lugar e seguir adiante coa granxa, pero ... axiña iO seu destino cambiou!, xa que por causas de traballo, seus pais, víronse obrigados a cambiar de rumbo e foron a vivir noutro lugar moi afastado, deixando a granxa en mans dos tíos de Tareixa.



Pasaron a ser propietarios dun circo e dende aquel día, Tareixa non era a mesma ca antes, volvérase unha rapaza moi caprichosa e repelente, a penas soltaba palabra e non había quen, capaz de aturala, seus pais, xa non sabían que facer con ela, eran conscientes de que a súa filla tiña moita morriña da súa terra, máis non podían facer nada debido ás circunstancias nas que se atopaban. Sen embargo, esforzábanse por entendela un pouco mellor e choraban cando a vían nese estado.



Pasaban os meses e Tareixa, aínda non probara




bocado ata que un día, non se sabe o por que, decatouse do dano que lle fixera ós seus pais e que non debía continuar así, entón, ensaiou durante un longo período, para ser acróbata, e

o certo é que non o facía nada mal.

O circo onde se instalaran, era grande e constaba dun persoal moi bo: había pallasos, trapevistas, acróbata, malabaristas e domadores. Por fin chegara o fin de semana, íase celebra-la primeira función. Chegara xa bastante público e en primeiro lugar actuaron os pallasos, logo os trapevistas, seguidos dos domadores e malabaristas e a continuación a sorpresa dos pais de Tareixa foi inmensa ó ve-la súa filla actuar, era a mellor acróbata, tódalas persoas se divertiran moito aquela noite e non podían deixar de aplaudir. Ó pouco tempo, Tareixa fixera amizade con tódolos membros do circo. Día tras día, o número de xente aumentaba e o orgullo dos seus pais tamén, porque gracias a iso, chegaron a ter moito éxito, gañaron moitos cartos e puideron levar, de vez en cando, a Tareixa á granxa. Ó final tamén lle permitiron quedarse con Tobi. A ledicia de Tareixa non podía ser maior e agora o seu único obxectivo é facer felices ós seus pais e pasar a nova vida.

¡Unha vez máis, atopara a felicidade!




AVENTURA NO VERÁN

ACCÉSIT - CATEGORÍA D (1º ciclo da ESO)

Autora **ANDREA VIDAL GESTIDO**

Colexio Virxe Milagrosa de Bueu



Outro ano máis reuniámonos na praia da LANZADA en busca de novas aventuras

Éramos amigos xa, dende catro veráns atrás coñecerámonos neste mesmo campamento e dende aquela fixerámonos inseparables.

Este ano todos quedamos abraizados do moito que cambiáramos

Ana, xa non era aquela rapaciña loura que choraba por todo. Xoán deixara melena, quedáballe ben. Carla seguía tan guapa coma sempre, a min sempre me gustou Carla, pero non me atrevo a dicirllo,

nin sequera a insinuarllo. Carla era unha rapaza moreniña, era de cor e chegara do Brasil a España hai xa dez anos, cando ela soamente tiña tres.

E respecto a min eles dicían que alterara moito.

Despois de todas estas divagacións puxémonos a pensar no que podíamos facer este verán e decidimos rematar o que comezamos o verán pasado.

Uns homes maiores do lugar dixéranos que por alí era moi coñecida unha lenda de hai miles de anos, que falaba dunha rocha que había no penedo e tiña unha cova no seu interior e ó subir a marea asolagábase.

Entón decidimos ir ver si atopábamos a cova e, detrás do penedo, enriba dunha laxe e entre algas mariñas e ramallos de percebes alí a atopamos.

Ó día seguinte estabamos alí con lanternas e roupa axeitada para internarnos na cova. Xoán ía diante Carla de segunda e eu detrás dela e Ana atemorizada de última. A medida que nos íamos penetrando na cova, esta íase facendo máis pequena ata chegamos a arrastrarnos por aquel chan tan rochoso

Sentimos o ruído de auga e pensamos que un río subterráneo pasaría por alí. Chegamos a un punto do camiño no que a cova dividíase en dous e separámonos. Eu e Carla fomos pola dereita e Ana e Xoán pola esquerda

Un pouco máis adiante atopámonos todos outra vez, e o camiño empezou a facerse moi difícil.

Escoitamos moitas clases de ruídos e pensamos non volver a ver a luz do día, pero atopamos o final da cova.

Ó final da cova había un cofre aceso e no seu interior un gran tesouro de moedas que endexamais viramos, entón pensamos que eran moi importante, e se conseguíamos quitalo de alí doariámolo a un museo.

E así foi, antes de que subira a marea sacámolo de alí e foi parar ó museo.

Uns días despois fomos miralo e debaixo do tesouro había un rótulo que dicía "doado" ó museo por catro xoves aventureiros: Xoán, Ana, Carla e Pablo.



A evolución dun imperio

ACCÉSIT - CATEGORÍA D (1º ciclo da ESO)

Autor **HECTOR BERNARDEZ GERMADE**
CEIP A Guía de Moaña

Fai moito, moito tempo, alá polo ano 200 d.C. existía un emperador chamado César II, substituído no cargo de seu pai Nerón, que fundara o país de Galaecia facía 40 anos, no ano 160 d.C.

César II rexía toda Galaecia, un país extenso e de grandes riquezas naturais coma a minería, a agricultura de centeo e arroz e a gandería. César II tiña xa 33 anos, e facía 3 que collera o cargo despois da morte do seu pai. Tiña na súa mente conquistar os países veciños, sobre todo o gran, poderoso e rico país de Terraconensis. Este era, teoricamente o segundo país máis forte despois de Galaecia. César II decidiu, despois de ser aconsellado polo seu irmán Augusto, atacar o país de Terraconensis. Todo o pobo de Galaecia, acompañado e protexido polo seu exército, iniciaron unha guerra contra o país de Terraconensis, esta guerra chamouse púnica. Despois dunha longa pelexa que durou días e días, incluso meses, logrou vencer Galaecia. César II estaba ledo pola súa gran fazaña. Este decidiu chamar a este imperio "O imperio de Césarconensis". Despois de vivir tranquilos e conquistar novos países e imperios, César II morreu, isto sucedeu no ano 214 d.C, 14 anos despois de que César II aceptase o cargo. Sucedeuno no trono o seu irmán Augusto, que desgraciadamente morreu seis meses despois de subir ó trono. Augusto suicidouse xa que, non podía soportar as grandes presións que o pobo exercía sobre el ó esixirlle a conquista doutras terras. Esta etapa non foi gloriosa, Augusto non conquistou ningunha terra nin conseguiu méritos para agradar ó pobo. Este gran imperio foi conquistado polos aquíños, un pobo afastado pouco numeroso. O pobo de Cesarconensis tivo, obrigatoriamente que obedecer as ordes dos aquíños, os que nomearon como sucesor a Adriano. Isto sucedeu no ano 215 d.C. A xente do pobo non aguantaba o traballo que o emperador exercía sobre eles, por iso, houbo un debate e unha gran batalla entre os escravos do imperio Césarconensis contra o emperador Adriano e o seu séquito. Esta guerra chamouse Émfetis (que significa *rébancha*, que era o que quería o pobo despois de ser conquistado polos aquíños).


Sucedeu esta guerra no ano 230 d.C. morrendo milleiros de persoas, sendo unha época de debilitación do pobo de Césarconensis. Gañou este pobo e tivo un tempo de crise, ata

que no ano 239 d.C. introduciuse neste gran imperio a democracia, na que o pobo cada certo tempo, elixían a unha persoa, mesmo do pobo a ser rei, e outros moitos a ser membros deste séquito demócrata. Uns membros ocupábanse da economía do pobo, outros encargábanse da agricultura a así, outros moitos cargos.

Esta foi a época de esplendor para todo o pobo e imperio. Segue prevalecendo a democracia en Césarconensis imposta no ano 239 d.C. ata os nosos días.

LIÑA DO TEMPO

(160 d. C..... os nosos días)




HISTORIAS DE PIOLLOS

ACCÉSIT - CATEGORÍA D (1º ciclo da ESO)

Autor **ALEJO LOIRA CALVAR**
CEIP Sequelo de Marín

Pablo era un neno rico que vivía en Madrid. Os seus pais estaban moi adiñeirados e tiñan unha enorme mansión, cunha xigantesca biblioteca na que lle estaba prohibido entrar.

A pesar do que os seus pais lle dixeron, entrou na biblioteca e comezou a remexer ata que atopou o seu libro ideal. Era un libro antigo, cheo de po e cunha cuberta de coiro.




Abriuno e, ante o seu asombro, só conseguiu ver unha frase en tódalas 1386 páxinas das que constaba o libro: "*Macata Rasca PAVO*". Pablo leuna en voz alta varias veces sen lle atopar sentido e entón tirou o libro e seguiu remexendo.

Á noite, cando se ía a bañar, notou un estraño picor na cabeza e deuse conta de que tiña ¡PIOLLOS!, pero o que de verdade o asustou foi o feito de que estes falasen e que actuasen como pequenas persoas. Seguiu a rañarse ata que saíron tódolos piollos e ramataron os picores. Xuntounos a todos nun so grupo e púxose a falar con eles e fixéronse moi amigos.

A partir de aquí xurdiu unha estreita relación entre Pablo e os seus piollos. Tódolos días xogaba con eles na bañeira e logo gardábaos nunha caixa de mistos ou na súa cabeza.

Pablo divertíase moito cos seus pequenos amigos e un día, ata realizaron un partido de fútbol de piollos nunha caixa de zapatos.



Todo ía moi ben, ata que a nai de Pablo se deu conta de que tiña piollos e entón levouno inmediatamente ó perruqueiro.

Pablo resistiuse, pero obrigárono e non puido facer nada polos seus amigos, pois en canto lle cortaron o pelo, estes desapareceron e xa non os volveu a ver, e, como tirara o libro, non puido volver a facer que outros piollos falasen.

A GOTA E O RAPAZ

1º PREMIO - CATEGORÍA C (3º ciclo de E. PRIMARIA)

Autor **ALBERTO ALDAO ALDAO**
Colexio Virxe Milagrosa de Bueu

No planeta Marte vivían tan só 1.000.000 de persoas. Todo era "supergaláctico". As naves voaban polo ceo, as persoas respiraban osíxeno comprimido, as casas eran redondas, os estudantes en vez de ler libros bebían uns líquidos que lles daban canto deberían saber.



Pero existía unha pequena biblioteca que non era moi coñecida e moi pouca xente ía a ela. Unha desas persoas era Alexia. Alexia estaba estudiando a Terra e buscaba información por tódolos sitios sobre as persoas, os animais, e forma de ser, etc....

O que mais lles abraiaba ós de Marte era que non respirasen por bombonas de aire coma elas. Así que decidiron ir a investigar e propuxeron a Alexia porque tiña moitos coñecementos sobre a Terra.

Alexia aceptou encantada. Transformárona nunha pingueira que caeu no cristal da habitación dun rapaz. Axiña se fixeron bos amigos.

Estaban no ano 2997, e nesta época ningún escritor escribía contos. Ó rapaz gustábanlle os contos e as historietas pero non topaba nada.

Contoullo á pingueira e esta para solucionar-lo seu problema pediu a Marte que lle mandasen varios libros daquela biblioteca abandonada.

Foi deixando cada un destes libros de contos na casa dos escritores do país. E así foi como os escritores ó lelos trataron de copiar ese estilo e apareceron nas librerías novos libros que trataban de historias fantásticas e bonitos contos.

O rapaz estaba tan ledo que lle pediu ó seu profesor de Ciencias que lle explicase a súa amiga "A gota" porque na Terra non se precisaban as bombonas de aire.

O profesor contoulle como as plantas facían a fotosíntese e nela desprendían moito osíxeno. Todas estas explicacións foron acompañadas cun bonito regalo que a pingueira levou ó seu planeta: UNHA ÁRBORE.



A PEGA DESCOLORIDA

2º PREMIO - CATEGORÍA C (3º ciclo de E. PRIMARIA)

Autor **SERGIO RÚA PEREIRA**
CEIP 'A PEDRA' de Bueu



Érase unha vez unha pega que non era de cor branco e mouro, se non que as súas plumas eran de tres cores: azul, vermella e amarela.

As outras pegas tíñanlle envexa e decidiron facerlle unha trasnada.

Un día que estaban todas xuntas comendo, dixo unha delas ó vela chegar:

-Oes ti, ¿queres millo?

-iSi, si! ¡Claro que quero! contestou Xoana (que ase se chamaba a pega)

-Entón ponte queda que nós cho daremos agora mesmo deste caldeiro.



Pero o caldeiro non tiña millo, senón lixivia e entre todas elas botáronlla por riba da pega tricolor, que quedou máis branca cá neve.

Xoana botouse a chorar cando se viu coas plumas descoloridas e as outras pegas choraban tamén coa risa.

Chea de tristura Xoana voou, voou lonxe moi lonxe e abandonou aquelas malas amigas. De tanto voar quedou cansa e pousouse nunha pola de unha árbore.

De súpeto comezou a chover e a pobre pega seguía chorando e chorando máis.... apareceu o sol mailo arco da vella.

Achegouse o arco da vella a pega e preguntoulle.

-¿Qué tes? ¿Por qué choras?

Ela cos ollo cheos de bágoas contoulle a súa historia.

Entón o arco de vella díxolle:

- O teu problema resólvoe eu nun axiña; pasa a través de min, e xa verás.

Dito e feito. A pega pasou a través do arco de vella e ... imilagre! A pega saíu chea de cores e máis alegre que unhas Pascuas.

Deulle as gracias o arco de vella e marchou voando, chegou onde estaban as amigas desleais e saudounas dicindo:

-¿Sabedes quen son? A vosa amiga Xoana que veño facervos unha visita, agora son máis fermosa que antes, son una pega multicolor.

As pegas quedaron brancas co susto e coa boca aberta.

E dende ese día a pega encontrou novas e leais amigas, foi moi feliz o resto da súa vida.



A ILLA BOLBORETA

3º PREMIO - CATEGORÍA C (3º ciclo de E. PRIMARIA)

Autor **CONSTANTINO PIÑEIRO ZANGRANDO**

CEIP 'A PEDRA' de Bueu

Nun bosque moi fermoso, fai moito tempo, unha vella bolboreta puxo soamente un ovo, pero, aínda con pouca descendencia morreu feliz, xa que a moza ninfa madurou rapidamente e converteuse nunha bolboreta belísima, coas finas escamas que adornaban o seu corpo, de moi vivas cores, enlazados por cintas negras que lle daban un estuco de cores moi raro en calquera ser.

En canto voaba, tódolos os animais se paraban a contemplala, quedando abraiados pola fineza das súas texturas, as formacións escumosas brillaban ó meterse o sol, producindo unha brillante harmonía de luces e cores.

Pero, como ben se sabe, todo o bo ten un fin, así que, alá polo outono, as súas ás medraron e medraron ata formar varios quilómetros de gozo visual. Estas extraordinarias ás causaron cada vez máis admiración, xa que cubrían outeiros, vales, chairas, ríos, bosques e ata un volcán que ía entrar en erupción. Así pois, por salvarse, fixo un esforzo supremo e ergueu o voo, deixando na penumbra o monte, oculto baixo a sombra do insecto ata que un forte vento arrastrou e afastou o lepidópteros ó mar.

Alí permaneceu durante moito tempo, impedindo ós grandes cetáceos subir á superficie a respirar, polo que tiveron que emigrar. A bolboreta xa estaba adaptándose ó medio mariño e alimentábase de algas e pequenos crustáceos, por iso, a súa espiritrompa modificouse nunha succión bucal bastante extravagante, formada por un tubo alargado en forma de espiral, cunha abertura repleta de potentes músculos trituradores. Co paso do tempo, e por acción duns grans de polen que viaxaban co vento e atopáronse nas súas escamas, os raios solares e a humidade do seu clima fixeron que as súas protuberancias ornamentais se transformaren en flores de vivas cores, moi ben combinados por selección natural. Despois, o seu corpo quedou atrapado na rocha e fosilizouse. Co paso do tempo, o nivel da auga baixou uns cantos metros deixando ó descuberto a fermosa illa creada polo insecto, onde multitude de bolboretas que zugaban o néctar das flores tiveron un gran recordo.

O recordo dunha bolboreta que creou un mundo natural que serviu de exemplo a futuras xeracións.

O home microbio

ACCÉSIT - CATEGORÍA C (3º ciclo de E. PRIMARIA)

Autor **IAGO GARCÍA FREIRE**

Colexio Virxe Milagrosa de Bueu

Nun sitio moi escondido habitaba un gran científico de 5 m el estaba moi triste, porque pola súa grande altura rexeitábano en tódolos sitios, menos no seu mísero e triste laboratorio, as súas mellores amigas eran as ratas, con gran intelixencia, que el mesmo creara con experimentos.

Pero no que máis investigaba era na súa última ocorrencia, un novo elixir que encollía a todo tipo de seres vivos.

Era un elixir de cor vermella que botaba moitas burbullas.


E se o axitabas botaba un líquido de cor amarela.

Despois de moito sufrimento e traballo chegou a deixar ben ó elixir, xa non botaba cando a axitabas, un líquido de cor amarela, senón de cor morada.

Un día foi correndo onda a mesa, onde se atopaba o elixir, sen pensalo dúas veces bebeuno e non quedou nada dentro do bote.

El, ó principio non notou nada pero pasados uns minutos empezou a encoller.

Era un home minúsculo, encontrouse cunha pulga, e para el era tan grande coma un rañaceos; para recorrer un metro precisaba varios días e noites, el encontrouse cun parafuso e varios cables, que no tamaño normal das persoas eran insignificantes, pero ... inon pode ser! Un gran microbio ía detrás del; el co parafuso e cos cables foi cara un interruptor da luz, pero como non lle chegaba axudouno unha rata, que era unha das súas amigas, a poñer un garfo apoiado na chave da luz, subiu polo garfo ata a chave, meteu os cables, puxo tocando os cables no parafuso e ... botou un raio de $\frac{1}{4}$ de voltio, matou o microbio, despois subiu polo pé da mesa, onde mirou caer unha pinga de auga que o mataría se lle dera, pero con grande axilidade conseguiu esquivala e chegar arriba de todo. Alí arriba inventou un elixir que facía grandes ós seres vivos, bebeuno dun grollo e ... icurado! Ó final o home medía 1'80 m e quedou moi feliz.



O BRUXO DE ESMIRNA

ACCÉSIT - CATEGORÍA C (3º ciclo de E. PRIMARIA)

Autora **MARÍA NOVAS FERRADÁS**
Colexio Público 'A Pedra' de Bueu

Fai moito, moito tempo, nun pobo chamado Esmirna, onde todo era gris, había un bruxo ó que todos tomaban por tolo.

A consulta do bruxo estaba un pouco retirada do pobo; el era un home vello e barbudo e vestía roupas estrañas.


Aquel día o bruxo estaba un pouco inquedo porque ninguén acudía á súa consulta, ase que decidiu ir ó pobo a ver que pasaba. Era día de mercado e, cando chegou quedou un pouco abraiado, xa que viu a toda a xente triste e todo estaba silencioso.

Atreveuse a preguntarlle a unha muller que estaba paseando e ela contoulle o sucedido: o fillo do rei enfermara e ninguén sabía o que lle pasaba.

Ó bruxo doíalle moito ver ó pobo así, así que presentouse no castelo do rei, quen desesperado pensaba que o herdeiro da coroa ía a morrer.

Apareceu alí o bruxo, que xa se decatara de que ningún médico sabía o que tiña. O rei recibiu no cuarto do neno. Díxolle ó bruxo que se conseguía curalo pagaríalle todo o ouro canto había no mundo; el respondeulle que non quería ouro, senón xardíns e flores, e cores para Esmirna, e que houbera parques para que a xente estivera leda, Ó rei pareceulle ben. E cun meigallo curou ó neno da morte segura.

Desde aquel día, todos foron máis felices no pobo de Esmirna, e o bruxo volveu a ter clientela.



O CORVO EGOÍSTA

1º PREMIO - CATEGORÍA B (2º ciclo de E. PRIMARIA)

Autora **NOELIA RODRÍGUEZ ANDRADE**
CEIP A GUÍA DE MOAÑA



Era un día moi bonito e o ceo estaba moi azul. Estaba voando unha aguia en busca dalgunha presa.

Abaixo estaba un corvo mirando polo ceo cando de súpeto mirou a aguia.

E pensaba – Si eu tivera unhas ás como ás da aguia podería voar moi alto coma ela. De súpeto algo se lle pasou pola mente, podería construír unhas ás moi grandes coas que podería voar.

Entón o corvo empezou a buscar pólas, anacos de teas. E así construíu unhas ás máis grandes cás as da aguia.

Colocounas no seu sitio, subiu a unha arbore e empezou a voar e a berrar.

¡Creo que o conseguín! – ¡Podo voar! ¡Podo voar!

Entón mirou unha ovella que estaba comendo e foi a toda velocidade detrás dela, cando estaba preto, a ovella escapou e o pobre corvo coas súas ás postizas, tan bonitas e tan ledas, chocouco contra o chan ¡CRASH!.

Quedou tan esmagallado que cando volveu en si, decatouse de que só era un corvo, e que fixera o tolo por egoísta, e case se mataba. Pero fixera o que fixera, nunca sería unha aguia, senón un corvo.



O OGRO SUCIO

2º PREMIO - CATEGORÍA B (2º ciclo de E. PRIMARIA)

Autora: **MARTA PIÑEIRO FERNÁNDEZ**
CEIP A RÚA DE CANGAS

Érase unha vez un ogro que nunca se lavaba.

Un día o ogro Pepouco, que así se chamaba, foise á pradería a dar un paseo.

Ía xa de camiño á casa cando viu un enorme castelo que nunca vira. Era o gran castelo de Merlín.

Merlín era un gran encantador que tiña o poder suficiente como para derriba-la Gran Mauralla China e volvela a construír só nun segundo e medio.

O gran ogro Pepoucho foi a a dicirlle que lle ensinara a lavarse. Merlín deu dous toques de variña e o Ogro aproveitou un cursiño de baño e unhas clases de ximnasia. O ogro saíu de alí transformado en Leo Dicaprio número dous. E xa non foi máis o ogro sucio.



O LAPIS QUE NON QUERÍA ESCRIBIR

3º PREMIO - CATEGORÍA B (2º ciclo de E. PRIMARIA)

Autor **PABLO SOTELO RODRÍGUEZ**
CEIP A RÚA DE CANGAS

Un neno, chamado Serxio, tiña un lapis que cada vez que ía a escribir caíalle a punta.

Serxio quería mercar outro lapis pero a nai non lle deixaba.

-Ese aínda está novo – dicíalle

Serxio ía rompe-lo lapis, pero cando ía a escribir non lle caeu a punta, escribía el só e facía uns debuxos estupendos

Serxio gañou tódolos concursos de debuxo, pero o lapis fíxoselle moi pequeno e non puido facer máis debuxos.

A nai cambioulle o lapis e Serxio pensou que non era como o outro pero resultou que debuxaba igual de ben.

E aprendeu a debuxar ben con tódolos lapis.



FLORA A TARTARUGA

1º PREMIO - CATEGORÍA A (1º ciclo de E. PRIMARIA)

Autora **ANA SANTOMÉ ESTEVEZ**
CEIP A PEDRA DE BUEU

Nunha lagoa había moitas tartarugas. Entre elas había unha que era moi bonita e chamábase Flora.

Certo día no que Flora e as súas amigas estaban a xogar e divertíanse moito, viron aparecer de súpeto, algo moi grande que saía da auga. Todas pensaron que era un monstro e saíron correndo, máis Flora quedou enganchada do lazo que levaba na cabeza.

Flora estaba asustada, e aquilo tan xigante achegábase cada vez máis. Flora tiña moito medo e pechou os ollos para non mirar. Cando os volveu a abrir quedou abraiada. Aquilo tan xigante non era un monstro senón que era unha tartaruga enorme.

A tartaruga enorme díxolle a Flora que non tivera medo, que ela era unha tartaruga moi vella, que viña do mar e que quería ser a súa amiga.

Flora chamou ás outras tartarugas e presentoulles a nova amiga e todas xuntas celebraron unha gran festa.



O ORDENADOR TOLO

2º PREMIO - CATEGORÍA A (1º ciclo de E. PRIMARIA)

Autor: **RUBEN FERREIRA CASTIÑEIRA**

CEIP A GUÍA DE MOAÑA

Érase unha vez un neno que lle gustaba moito xogar co ordenador. Un día os pais compráronlle un ordenador, pero déronse conta de que o ordenador estaba tolo.

O neno dixo: ique guai! e quedouse con el. De tanto e tanto xogar, o ordenador estropeouse e non había forma de arranxalo. Ó neno gustáballe tanto o ordenador que intentou arranxalo el mesmo e conseguiu arranxalo, pero agora o ordenador esta moito, moito mais tolo ca antes.

* * *

O GOLFIÑO AVENTUREIRO E EU

3º PREMIO - CATEGORÍA A (1º ciclo de E. PRIMARIA)

Autor: **DANIEL PAZ LORENZO**

CEIP A PEDRA DE BUEU

É un amiguiño meu e quérolle moito.

Un día o meu amigo "delfín" meteuse nunha cova e encontrou un tesouro e foime avisar. Tamén atopamos un pirata sen mans que estaba conxelado e detrás o tesouro. Subímolo á superficie e tiña un montón de diñeiro e fun a comprar unha piscina xigante para o meu amigo "delfín".



ÍNDICE

CONTO	AUTOR	COLEXIO	PÁX.
MORRER PARA VIVIR	DIEGO SANMARTIN PADIN	COLEXIO VIRXE MILAGROSA	3
O BOSQUE DA FADAS	EVA RODRÍGUEZ FERVENZA	CEIP A GUÍA DE MOAÑA	4
A NOVA VIDA DE TAREIXA	ROSALBA PIÑEIRO ZANGRANDO	COLEXIO VIRXE MILAGROSA	5-6
AVENTURA NO VERÁN	ANDREA VIDAL GESTIDO	COLEXIO VIRXE MILAGROSA	7-8
A EVOLUCIÓN DUN IMPERIO	HECTOR BERNARDEZ GERMADE	CEIP A GUÍA DE MOAÑA	9-10
HISTORIAS DE PIOLLOS	ALEJO LOIRA CALVAR	CEIP SEQUELO DE MARIN	11
A GOTA E O RAPAZ	ALBERTO ALDAO ALDAO	COLEXIO VIRXE MILAGROSA	12
A PEGA DESCOLORIDA	SERGIO RÚA PEREIRA	CEIP 'A PEDRA' DE BUEU	13
A ILLA VOLVORETA	CONSTANTINO PIÑEIRO ZANGRANDO	CEIP 'A PEDRA' DE BUEU	14
O HOME MICROBIO	IAGO GARCIA FREIRE	COLEXIO VIRXE MILAGROSA	15
O BRUXO DE ESMIRNA	MARÍA NOVAS FERRADAS	CEIP 'A PEDRA' DE BUEU	16
O CORVO EGOISTA	NOELIA RODRIGUEZ ANDRADE	CEIP AGUÍA DE MOAÑA	17
O OGRO SUCIO	MARTA PIÑEIRO FERNANDEZ	CEIP A RÚA DE CANGAS	18
O LAPIS QUE NON QUERÍA ESCRIBIR	PABLO SOTELO RODRÍGUEZ	CEIP 'A RÚA' DE CANGAS	18
FLORA A TARTARUGA	ANA SANTOME ESTEVEZ	CEIP 'A PEDRA' DE BUEU	19
O ORDENADOR TOLO	RUBEN FERREIRA CASTIÑEIRA	CEIP A GÍA DE MOAÑA	20
O GOLFIÑO AVENTUREIRO E EU	DANIEL PAZ LORENZO	CEIP 'A PEDRA' DE BUEU	20